

LA MARSELLERA DE LOS BORRACHOS

[Pablo Gil Rituerto
2024, España, 94 min., VOSE]

Lingua **Español, catalán, galego, italiano**

Dirección **Pablo Gil Rituerto**

Guión **Alba Lombardía, Pablo Gil Rituerto**

Montaxe **Marcos Flórez, Pablo Gil Rituerto**

Fotografía **Daniel Lacasa**

Son **Laia Casanovas del Pino, Gerard Tàrrega**

Música **Lina Bautista**

Produción **Boogaloo Films, Graffiti DOC, Les Films de l'oeil sauvage,**

Escarlata Estudios

Distribución **Begin Again Films**

No verán de 1961, un grupo de mozos antropólogos italianos realizou unha viaxe clandestina por España, co fin de gravar cancións populares que apoiaron a resistencia antifranquista. Como resultado do seu traballo, foron procesados e as súas gravacións censuradas. Sesenta anos despois e da man de Emilio Jona, de 92 anos, último membro vivo daquel grupo de viaxeiros, recuperan as gravacións inéditas e reconstrúen a viaxe, hoxe, a través dunha paisaxe emocional e política, recuperando recordos históricos a través destas cancións, tan relevantes hoxe como o foron entón.

ABRIL

Martes 1 **GRAND TOUR**
(Miguel Gomes, 2024
Portugal, 129 min., VOSE)

Martes 29 **VERMIGLIO**
(Maura Delpero, 2024
Italia, 119 min., VOSE)

+ SESIÓNS DE FILMOTECA: LEON HIRSZMAN

Luns 7 **ELES NÃO USAM BLACK-TIE**
(Leon Hirszman, 1981
Brasil, 112 min., VOSE)

Luns 28 **ABC DA GREVE**
(Leon Hirszman, 1990
Brasil, 85 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



LA MARSELLERA DE LOS BORRACHOS

PABLO GIL RITUERTO

FS #234
25.3.2025

CINECLUBE PONTEVEDRA

A EXPEDICIÓN ITALIANA EN BUSCA DE CANCIÓNS ANTIFRANQUISTAS QUE A DITADURA CHAMOU LA MARSELLA DE LOS BORRACHOS

Faia Díaz, cuxa voz se aproxima ao folclore galego desde unha perspectiva bela e radical, canta detrás dun vidro. «Santo Cristo de Fisterra / santo da barba dourada / axudádeme a pasar / a negra noite de España», di a copla. Chove decote neste lugar, a illa de San Simón, que lle serviu ao fascismo como campo de concentración entre 1936 e 1943. A constelación de ecos que desata a secuencia é interminable: a reescrita antifascista da tradición popular, a xeografía dunha memoria menosprezada, aquela vella e debilitada solidariedade internacionalista, o presente abalanzase sobre o pasado e viceversa. Sobre estas e outras cuestións trata *La Marsellesa de los borrachos*, un aquel de *road movie* documental tralos pasos de Cantacronache, un grupo de músicos e escritores esquerdistas italianos que no verán de 1961 percorreron España para rexistrar o cancionero anónimo antifranquista.

Aquela ruta detívose en Galicia, claro. Os expedicionarios levaban o contacto de Celso Emilio Ferreiro, que estaba a piques de publicar a súa emblemática *Longa noite de pedra*. Faríao ao ano seguinte e confirmaría a súa condición de poeta resistente e un dos máis lidos da literatura galega. A súa voz (el, coñecedor experto do folclore) é unha das moitas que Cantacronache recompilou en cinta magnética naquela viaxe. As de José Agustín Goytisolo, o de *Palabras para Julia*, ou Jesús López Pacheco, autor do esquecido clásico socialrealista *Central eléctrica*, tamén. Canda aos intelectuais da oposición, múltiples voces populares sen nome que cantan e critican o estado das cousas baixo a bota franquista. Este material sonoro, arquivo ata agora inédito e depositado en Turín, constitúe o corazón dun filme delicado e emocionante en que a historia e as súas cicatrices atravesan o tempo e emerxen na España contemporánea. As músicas de entón reviven nos músicos de agora, e en pantalla comparecen Maria Arnal i Marcel Bagès, Faia Díaz, O Leo, o Coro Minero de Turón, Nacho Vegas, Amorante ou La Ronda de Motilleja.

Un arquivo inédito en Turín

«Hai 10 anos, á calor do 15M, investigaba sobre como chegamos a ese lugar. Gústame sempre ir cara a atrás, saber de onde vimos», relata Gil Rituerto, montador de cineastas como Mercedes Álvarez, Marc Recha ou José Luis Guerín, «e comecei a preguntarme como facer un filme a partir dun arquivo sonoro, xa que o de imaxes da época era escaso e xa moi visto». Ao tempo, por azar, nunha librería de vello atopou un volume da versión uruguaia de *Canti della Nuova Resistenza Spagnola 1939–1961*, publicado orixinalmente en 1962 por Einaudi. Foi así

como Pablo Gil entrou en contacto coa peripecia de Cantacronache, folcloristas e autores militantes con sede en Turín. «No libro mencionaban que regresaran a Italia con 9.000 pés de cinta gravada e decenas de fotos», conta o director. O seguinte paso levouno á Universidade de Sevilla, onde ensina o historiador Alberto Carrillo–Linares. No seu despacho escoitou por primeira vez unha copia das gravacións inéditas do 61. «A través de Facebook dei cos tres membros vivos do grupo: Margot Galante, Lionello Gennero e Emilio Jona. Jona era responsable dun centro musical etnográfico e alí gardaba as cintas», relata.

A dimensión política do folclore

Ademais do libro, no seu día traducido a moitos idiomas, os Cantacronache gravaron un elepé, publicado por Enaudi, con versións dalgúns dos cantos recollidos. O disco converteuse en clásico da canción militante sobre todo en Latinoamérica. Lendas da canción chilena como Víctor Jara ou Quilapayún recrearon algunhas das pezas. «Sabemos que a fonte son os Cantacronache porque mesmo reproducen os erros de transcripción», sinala Pablo Gil, que no filme recorre a artistas contemporáneos para encarnaren aquel material. «Interesábanme músicos que traballasen sobre o folclore mais que tivesen en conta a súa dimensión política. Tamén falamos con algúns folcloristas aos que lles incomodaba esta relación e quedaron fóra», expón. É precisamente O Leo, cantautor punk galego que bascula entre Billy Bragg e Voces Ceibes, quen nunha secuencia garvada en Compostela, explica o papel de Celso Emilio Ferreiro en toda esta aventura.

Tensión entre historia e relato

O caso é que a ruta dos Cantacronache por España acabou nos xulgados. Nos italianos. *Canti de la Nuova Resistenza Spagnola* foi secuestrado e a súa distribución, freada. Manuel Fraga Iribarne, daquela ministro de Información e Turismo, editou *La Marsellesa de los borrachos*, subtítulo *El libelo contra Franco y España*, unha antoloxía de columnas da prensa española oficial en que desacreditaba a obra con embustes e violencia retórica. Mais o que escocera en Italia era unha copla antirreligiosa: «Al Santo Cristo de Limpías / dicen que le crece el pelo / lo que le crece es la polla / de darle por culo al clero». Cantacronache gañou o xuízo, por certo, e os cantos da nova resistencia española difundíronse polo mundo. Quen canta, quen modifica unha letra popular, quen escolle que melodía tradicional, por que os tiranos temen a música, que di esta das formas en que se organiza o mundo. Sobre iso tratou tamén aquela operación política dun aguerrido grupo de músicos e poetas de Turín, rescatar os ninguén e o seu xeito de cantar contra unha ditadura, e sobre iso trata tamén o documental de Gil Rituerto.

Daniel Salgado, en eldiario.es.

Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.